

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

*ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle para a ordenación volumétrica dun equipamento de benestar social e asistencial público na rúa Castaño de Eirís, 1D (expediente 631/2021/188).*

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 3 de febreiro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar definitivamente o documento do estudo de detalle para a ordenación volumétrica dun equipamento de benestar social e asistencial público na rúa Castaño de Eirís, 1D, documento para a aprobación definitiva de xaneiro de 2022, redactado pola arquitecta Elsa Urquijo Gómez, colexiada nº 2225 do COAG, e promovido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Segundo. Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

Terceiro. Notificar este acordo á consellería promotora da actuación e aos departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

O contido íntegro do estudo de detalle aprobado pódese consultar fisicamente nas dependencias da Área Municipal de Urbanismo, na sede electrónica deste concello, na páxina web <https://www.coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe de planeamento/planeamento vixente, ou ben, desde a mesma web, a través do visor de desenvolvemento do planeamento.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no ar-



tigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

A Coruña, 9 de febreiro de 2022

A alcaldesa  
P.D. (Decreto 3847, do 27.6.2019)  
María Hernández García  
Directora da Área Municipal de Urbanismo

CVE-DOG: eagmdbr8-ufc3-qpi8-cl27-3qzxqls4bxi2

